



Acta de constitución do tribunal designado para a realización das probas de selección para a creación dunha bolsa de traballo de auxiliares administrativos/as.

Reunidos con data 2 de maio de 2022, ás 8,00 horas, na Casa do Concello de Brión, os membros nomeados como compoñentes do tribunal de selección designado por resolución da alcaldía do 27 de abril de 2022, e resultando que existe quórum para a súa válida constitución, acordouse declarar constituído o tribunal composto polos seguintes membros:

Presidente: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Secretaria: María Dolores Torrado Ares, técnica de administración local do Concello.

Vogais: Ana Sánchez Fontáns, auxiliar administrativa do Concello.

Logo da súa constitución o tribunal acorda confeccionar o exame para a proba obrigatoria de galego que terá lugar ás 9,00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, para a que foron convocados xuntamente coa publicación da lista definitiva e a composición do tribunal a través da páxina web do Concello, consonte co disposto nas bases da convocatoria, con data 27 de abril de 2022.

Acto seguido e sendo as 9,00 horas se procede no salón de plenos ao chamamento dos aspirantes convocados, non presentándose ningún, acordando o tribunal por unanimidade:

1º) Declarar non aptos aos aspirantes seguidamente relacionados por non se ter presentado á realización do exame, quedando excluídos do proceso.

41	YAIZA	FRANCO GONZALEZ
119	ANA VICTORIA	SORIANO GARCIA
18	MIGUEL	CASTRO CASAL

2º) Dado o elevado número de participantes o tribunal acorda confeccionar un calendario de sesións de xeito que se poida rematar o proceso de avaliación á maior brevidade posible, comezando o día de mañá, ás 8,horas.

Remata a sesión sendo ás 9,10 horas.

E para que conste se levanta a presente acta que logo de lida, en proba de conformidade asinan os membros, de todo o que como secretaria certifico.